



RESOLUCIÓN pola que se fai pública a declaración da aldea modelo de Covelo (Taboadela, Ourense), e a aprobación do seu proxecto de ordenación produtiva.

En cumprimento do disposto nos artigos 112.4 e 115.3 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, faise pública a declaración da aldea modelo de Covelo (Taboadela, Ourense), por acordo do 21 de xaneiro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), CVE vDEPSQInF0 verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>, e a aprobación do seu proxecto de ordenación produtiva, por resolución do 31 de xaneiro de 2023 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), CVE bRHiiHc7pZD5 verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>.

Contra os citados acordo e resolución, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, ante o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 6 e seguintes e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa; en ambos os dous casos o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da resolución ou acto administrativo. Non obstante, poderase interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica.
A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
Inés Santé Riveira

